Ademais, a maioría dos entrevistados, aproximadamente dous de cada tres, afirmaron que non lles importaría que se instalara na súa contorna unha planta non contaminante capaz de levar a cabo un proceso de recuperación enerxética, considerando o 87 por cento que lles gustaría que en España estivese prohibido o vertido para os residuos susceptibles de ser reciclados.

A enquisa, realizada en formato en liña a través dun formulario conformado por cinco preguntas, levouse a cabo en outubro de 2014, recabando datos procedentes de medio milleiro de cuestionarios.

#### Sobre PlasticsEurope

Plastics Europe é unha organización global de asociacións nacionais e europeas da industria dos plásticos, que inclúe aos produtores (representados por Plastics Europe), aos transformadores (representados por EuP <c) e aos fabricantes de maquinaria (representados por EUROMA).

Dado que os plásticos representan unha parte esencial do noso mundo debido ás súas propiedades, o principal obxectivo desta entidade é promover o desenvolvemento e mellora continua das súas prestacións, concedendo especial atención á xestión dos mesmos durante o seu ciclo de vida.

#### Entrevistamos a...

Roberto González Philippon  
Subdirector de Explotación de Activos Mineros de GNF

José Pérez  
Consejero delegado de Recyclia

#### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

#### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

#### Multimedia

#### Eventos

#### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Para máis información, consulta a web de PlasticsEurope

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros entre distintos sectores de poboación

**Ao seu programa de compostaxe doméstica xa se adheriron 164 entidades de toda Galicia, entre as que destacan 103 concellos, 52 centros educativos e 9 colectivos sociais**

Desde o inicio do seu programa de compostaxe doméstica, Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros entre distintos sectores de poboación co obxectivo de promover, in situ, a elaboración, por parte das vivendas unifamiliares que contan con horta e/ou xardín, dun abono natural co que substituír aos fertilizantes artificiais e cuxas propiedades nutritivas para o solo están suficientemente acreditadas.

A día de hoxe, o programa de autocompostaxe da Sociedade pública conta cun total de 164 entidades adscritas. Destas, 103 son concellos das catro provincias galegas, 52 son centros educativos, tanto de primaria como de secundaria, así como universidades, e 9 son colectivos sociais, entre os que se atopan asociacións culturais e veciñais, de loita contra a drogadicción, de integración de persoas con discapacidade e ata centros penitenciarios, como é o caso de Monterroso (Lugo), que viu no medio ambiente en xeral, e na autocompostaxe en particular, unha fórmula coa que contribuír á inserción social dos reclusos.

Os concellos adheridos ao proxecto de Sogama deben seguir un protocolo de actuación deseñado expresamente pola compañía para garantir o correcto desenvolvemento do mesmo. Os beneficios ambientais, económicos e sociais da autocompostaxe son hoxe incuestionables: redución das emisións de CO<sub>2</sub>, menor importe da factura a pagar a Sogama e diminución dos desprazamentos da poboación aos contedores habilitados nas vías públicas.

#### Aumenta a implantación en Pontevedra

A extensión do programa de compostaxe continúa en toda a comunidade, destacando os datos da provincia de Pontevedra, na que Sogama repartiu un total de 1.392 composteiros, procedendo á entrega de 1.365 recipientes entre 27 concellos adscritos ao seu programa de autocompostaxe e outros 27 centros educativos e colectivos sociais que dispoñen de servizo de comedor.

A empresa continúa recibindo peticións por parte de diversos entes locais interesados en sumarse á súa iniciativa para xestionar a materia orgánica dunha forma máis sostible.



Un dos composteiros de Sogama



Quieres saber se o teu concello está adherido ao programa? Pincha aquí

#### Entrevistamos a...

Roberto González Philippon  
Subdirector de Explotación de Activos  
Mineros de GNF

José Pérez  
Consejero delegado de Recyclia

#### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

#### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

#### Multimedia

#### Eventos

#### Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, durante a presentación da campaña

### A Deputación de Ourense, coa colaboración de Sogama, aborda unha nova campaña de compostaxe doméstica

**No marco deste convenio de colaboración entre ambas entidades, a iniciativa esténdese aos 50 concellos que teñen delegado no organismo provincial o servizo de recollida e xestión de residuos urbanos**

Baixo o lema "Ourense composta", a Deputación de Ourense, coa colaboración de Sogama, aborda unha nova campaña de compostaxe doméstica na que participarán os 50 concellos que teñen delegado no organismo provincial o servizo de recollida e xestión dos residuos urbanos.

Así o anunciaron o pasado 14 de xaneiro o Deputado Provincial en materia de Cooperación e Seguimento, Pablo Pérez, e o Presidente de Sogama, Javier Domínguez, no marco dun convenio de colaboración subscrito en agosto de 2015 entre este e o Presidente da Deputación, José Manuel Baltar, poñendo en marcha un novo programa de autocompostaxe, que conta cun orzamento de 40.000 euros e que será sufragado ao 50 por cento por ambas as dúas partes.

Dacordo coa normativa vixente na materia e, seguindo as directrices establecidas no Plan galego de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020, o obxectivo último desta iniciativa non é outro que promover a redución de refugallos en orixe, fomentar a recollida selectiva e propiciar a reciclaxe dos restos orgánicos producidos nos fogares mediante a súa conversión en compost, alcanzando con isto importantes beneficios ambientais, económicos e sociais.

Neste marco, a concienciación e sensibilización ambiental da poboación en torno á xestión sostible dos refugallos eríxese nun dos principais eixes da campaña, que se estenderá aos fogares que non tiveran participado en proxectos anteriores destas características.



Máis información sobre a campaña "Ourense Composta" >>

### Entrevistamos a...

**Roberto González Philippon**  
Subdirector de Explotación de Activos Mineros de GNF

**José Pérez**  
Consejero delegado de Recyclia

### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### Dibbiopack, unha firme aposta polo uso de envases eficientes, innovadores e sostibles

Este proxecto de I+D, no que participa Sogama e que está financiado pola Comisión Europea, ten como principal obxectivo o desenvolvemento de envases multifuncionais de material bioplástico para os tres sectores máis relevantes: o alimentario, o cosmético e o farmacéutico

En marzo de 2012 poñíase en marcha Dibbiopack, un proxecto de I+D financiado pola Comisión Europea, dentro do 7º Programa Marco, cuxo principal obxectivo

estaba focalizado cara ao desenvolvemento de envases multifuncionais de material bioplástico (biobasado, compostable e/ou biodegradable) para os tres sectores máis relevantes, isto é, o alimentario, o cosmético e o farmacéutico.

No marco da economía circular, apostouse pola utilización de materiais procedentes de fontes renovables, pero tamén pola diminución do consumo enerxético e a consecución de procesos de fabricación máis eficientes, tendo en conta o ecodeseño como un dos factores que contribúe a diminuír en boa medida o impacto dos envases sobre a contorna.

De cara a conseguir uns envases válidos para a industria, intentouse aumentar o rendemento e a procesabilidade dos materiais biobasados, mellorando as súas propiedades. No caso do desenvolvemento de films para a súa aplicación no ámbito alimentario, traballouse para incrementar o seu efecto "barreira" fronte a gases mediante tratamentos superficiais. Tamén se conseguiu incrementar a seguridade dos alimentos ao evitar o contacto dos aditivos do envase co contido, utilizando para isto un etiquetado IML (durante o proceso de fabricación), á vez que se incorporou un axente antimicrobiano co que se logra manter máis fresco o produto envasado.



O proxecto chegará ao seu fin o próximo mes de febreiro, pre-

vendo para o día 24 un evento específico que terá lugar en Zaragoza e no que se difundirán os resultados do mesmo. Cunha duración de 4 anos e un orzamento asignado de 7.798.211 euros, conta con 19 socios de 10 nacionalidades distintas, entre os que se atopan entidades españolas tales como o centro tecnolóxico AITIIP, que asume as funcións de coordinación.

#### Os resultados alcanzados

Entre os resultados do proxecto cabería reseñar, xa que logo, a formulación de materiais biodegradables e compostables con propiedades melloradas e perfectamente adaptados a un uso industrial, destacando os films con efecto barreira ou antimicrobiano; botes para ser utilizados no ámbito farmacéutico, sendo estes de peso moi reducido, con etiquetas IML no exterior (uso decorativo ou informativo) e material captador de osíxeno con efecto sellador no tapón, sendo tamén de aplicación nos tarros de uso cosmético. Así mesmo, faise referencia ás bandexas destinadas a albergar alimentos preparados con atmosfera interior libre de osíxeno, dispoñendo igualmente dun sensor integrado na etiqueta RFID para proporcionar ao usuario unha información completa do estado do contido.



Máis información na web de Dibbiopack (en inglés)

#### Entrevistamos a...

Roberto González Philippon  
Subdirector de Explotación de Activos Mineros de GNF

José Pérez  
Consejero delegado de Recyclia

#### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

#### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

#### Multimedia

#### Eventos

#### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade



### A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

Desta forma, os internautas teñen a oportunidade de acceder aos seus contidos desde calquera dispositivo, sexa ordenador de escritorio, tablet ou teléfono móbil, toda vez que o seu deseño axústase a diferentes tamaños

Co obxectivo de facilitar que os internautas accedan e visualicen a páxina web da Sociedade Galega do Medio Ambiente [www.sogama.es](http://www.sogama.es) desde calquera dispositivo, sexa ordenador de escritorio, tablet ou teléfono móbil, a empresa pública procedeu á adaptación da mesma á versión Responsive, permitindo desta forma axustar o seu deseño a diferentes tamaños.

Neste escenario, redimensionáronse e colocáronse os elementos da web de tal forma que se adaptan ao ancho de cada artiluxio, permitindo aos usuarios acceder aos contidos da mesma en igualdade de condicións.

A través de tres seccións claramente diferenciadas (Traballamos, Educamos e Actuamos), o sitio web desta empresa pública proporciona, desde a máxima transparencia, información clara e detallada sobre a súa actividade. Así, en "Traballamos", apórtanse todos os datos corporativos da Sociedade, aludindo ao

seu cometido. No apartado "Educamos", contémplanse programas, cursos e campañas de comunicación dirixidas á cidadanía. Por último, no epígrafe "Actuamos", e máis aló da súa propia finalidade industrial, a entidade faise eco do círculo correspondente á xestión dos residuos urbanos.

#### Nas redes sociais

Baixo o lema "Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama", a Sociedade está presente en Facebook e Twitter, onde aglutina a preto de 6.000 seguidores.

A través destes instrumentos, e como complemento ao seu sitio web [www.sogama.es](http://www.sogama.es), a compañía informa puntualmente sobre as distintas actuacións que vén levando a cabo, coa particularidade de que as redes permítenlle obter feedback por parte da poboación e facer acopio de todos os seus comentarios, opinións e recomendacións, indispensables para mellorar o seu labor.



[Pincha aquí para navegar pola web de Sogama](#)

### Entrevistamos a...

**Roberto González Philippon**  
Subdirector de Explotación de Activos Mineros de GNF

**José Pérez**  
Consejero delegado de Recyclia

### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Multimedia

### Planeta Verde: a Familia Trebón fai unha rica cea coas sobras do día anterior



Os Trebón queren preparar unha rica cea pero, para iso, necesitan ir ao supermercado, xa que teñen poucos produtos cos que elaborar o menú. Sen embargo, o profesor Uxío recomenda aproveitar as sobras de comida do día anterior e, deste xeito, evitar que se poñan en mal estado e acaben convertidas en refugallo. Os Trebón toman nota e cociñan unha cea moi rica e sa. Con esta experiencia aprenden que, antes de mercar, hai que ter en conta os produtos dispoñibles na casa e que alimentarse ben non significa comer máis do que se pode.

[Ver vídeo...](#)

### Sogama presenta un novo vídeo didáctico para escolares



O presidente de Sogama durante a presentación no colexio "Doroteas"

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, co apoio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, acaba de editar un novo vídeo educativo, dirixido especialmente aos escolares, co obxectivo de que estes tomen conciencia da gran problemática que, nas sociedades modernas, representa a inxente produción de lixo e fórmulas coas que previr e minimizar as súas negativas consecuencias para o medio ambiente e a saúde das persoas.

O vídeo foi presentado oficialmente para toda Galicia o pasado 21 de xaneiro dende o colexio "Doroteas" de Pontevedra. Durante o acto, o presidente da compañía pública, Javier Domínguez Lino, apelou á necesidade de reducir a produción de lixo, de fomentar a reutili-

zación dos produtos e de participar de forma decidida no sistema de recollida selectiva, depositando cada fracción de refugallos no contedor correspondente.

O vídeo conclúe cun chamamento á reflexión, poñendo de manifesto que Sogama precisa da colaboración cidadá para levar a cabo o seu labor con garantías. O vídeo contén datos tan impactantes como que cada ano arroxamos 10 millóns de toneladas de plásticos a mares e océanos, que xa deforestamos a metade dos bosques do planeta e que somos responsables de que cada día se extingan 150 especies de animais, entre outros.

[Ver vídeo...](#)

SUBIR

### Entrevistamos a...

Roberto González Philippon  
Subdirector de Explotación de Activos  
Mineros de GNF

José Pérez  
Consejero delegado de Recyclia

### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

### Eventos

### Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Multimedia

### Vídeo do proxecto Dibbiopack



Na actualidade, a industria de plásticos depende de recursos fósiles limitados que poden reducirse gradualmente polos bioplásticos. No marco da aposta pola economía circular e co propósito de apostar por este tipo de materiais máis respectuosos co medio ambiente, en marzo de 2012 poñíase en marcha Dibbiopack, un proxecto de I+D financiado pola Comisión Europea, dentro do 7º Programa Marco, no que participa Sogama.

[Ver vídeo...](#)

O seu principal obxectivo estaba focalizado cara ao desenvolvemento de envases multifuncionais de material bioplástico (biobasado, compostable e/ou biodegradable) para os tres sectores máis relevantes, isto é, o alimentario, o cosmético e o farmacéutico, que conxuntamente consumen o 32% dos plásticos empregados en todo o mundo.

### Entrevistamos a...

**Roberto González Philippon**  
Subdirector de Explotación de Activos Mineros de GNF

**José Pérez**  
Consejero delegado de Recyclia

### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

### Eventos

### Receitario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





## Eventos

### O Cumio de París, un acordo histórico para o futuro do planeta

O pasado 12 de decembro rematou en París a Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático coa firma de 195 países, entre os que se atopaban dous dos máis contaminantes do mundo, China e Estados Unidos. Os principais obxectivos



son limitar o aumento da temperatura do planeta a menos de dous graos e promover o uso das enerxías limpas. No marco deste acordo tamén se prevé elevar os fluxos financeiros para avanzar cara a unha economía baixa en carbono e axudar aos Estados con menos recursos para que poidan adaptarse ao cambio climático.

Para moitos expertos, o resultado do Cumio de París representa un novo futuro no que a ciencia guía as decisións políticas. O acordo estará dispoñible para ser asinado a partir do próximo 22 de abril, Día da Terra, e entrará en vigor cando 55 países que representen o 55 por cento das emisións mundiais fagan entrega dos seus instrumentos de ratificación.

### Novo curso en liña de Sogama para profesores de primaria



"A xestión dos residuos urbanos no modelo Sogama" é o título do novo curso en liña que a empresa pública dirixe a profesores de ensino primario. A actividade, que se desenvolve a través do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) comezou o pasado 18 de xaneiro e finalizará o 4 de marzo.

Entre os contidos abordados, que se distribúen en dez temas, figuran a problemática da elevada produción de lixo, a

estratexia europea dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), a situación en Europa e España, a valorización enerxética da parte non reciclable e a compostaxe doméstica. Dous técnicos de Sogama encárganse dos labores de titoría. Para superar o curso, os participantes deben cumprimentar correctamente os test de avaliación de coñecementos correspondentes a cada tema e elaborar un exercicio final que consiste no deseño dunha actividade na que se contemple a necesidade de reducir, reutilizar e reciclar.

SUBIR

### Entrevistamos a...

Roberto González Philippon  
Subdirector de Explotación de Activos  
Mineros de GNF

José Pérez  
Consejero delegado de Recyclia

### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)




## Eventos

### Efemérides medioambientais

O pasado 11 de decembro conmemorouse o Día Internacional das Montañas, unha efeméride instituída polas Nacións Unidas para crear conciencia sobre a importancia das montañas para a vida.

O lema nesta ocasión foi "A promoción de produtos de montaña". O obxectivo era dar a coñecer o labor de protección da biodiversidade que levan a cabo as poboacións asentadas a grandes altitudes, que constitúen un dos mellores exemplos de economía sostible.

Tamén en decembro celebrouse o aniversario do nacemento do Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA), creado o 15 de decembro de 1972. Desde a súa orixe, o obxectivo é fomentar e apoiar a cooperación en materia ambiental de cara a mellorar a ca-



lidade de vida do presente sen comprometer a das xeracións futuras.

Por último, e como cada 10 de decembro desde 1950, conmemorouse o Día dos Dereitos Humanos. Baixo o lema "Liberdades", a data serviu para recordar o dereito a gozar dun medio axeitado, que forma parte da maioría das Constitucións nacionais e de moitos convenios internacionais. Cómpre lembrar que a protección da contorna é responsabilidade de todos: poderes públicos, empresas privadas e cidadáns.

### Entrevistamos a...

**Roberto González Philippon**  
Subdirector de Explotación de Activos Mineros de GNF

**José Pérez**  
Consejero delegado de Recyclia

### Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

### Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

SUBIR

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Receitario



## Un menú quente e saboroso para o inverno

Para esta época de inverno, de baixas temperaturas, sempre apetece un menú quente, polo que propoñemos a elaboración dunhas empanadillas con restos de cocido, un dos pratos máis típicos destas datas.

Se te animas a preparar a receita, contá-nolo no noso [Facebook](#) ou [Twitter](#)!

## Empanadillas con restos de cocido

Nivel de  
dificultade: 1 2 3

### CANTIDADES E INGREDIENTES (PARA CATRO PERSOAS):

- Restos dun cocido
- 8 obleas de empanadilla
- 2 cucharadas de tomate frito
- 1 Ovo
- 1/2 cebola
- Aceite de oliva
- Sal

### ELABORACIÓN

- Para facer o recheo, separamos as carnes do resto de sobras do cocido e as picamos para obter a mestura de carnes variadas.
- Nunha tixola poñemos un pouco de aceite e engadimos a cebola moi picada. Tamén se pode picar sobras de verdura do cocido ou algún pemento ou calquera outra peza que sobrara doutra comida.
- Cando a cebola esté no seu punto, incorporamos as carnes ben picadas e, despois de refogar, engadimos unha cucharada de tomate frito e, pasado un minuto, outra de fariña, removendo continuamente para que se reparta e integre coa carne e verdura.
- Botamos un cucharón de caldo do cocido pouco a pouco para que ligue os ingredientes como se fora unha especie de bechamel.
- Unha vez esté uniforme, deixamos enfriar o recheo.
- Para facer as empanadillas, colocamos unha cucharada do recheo no centro de cada oblea e a pechamos ben facendo un prego para que non saia o contido.
- Pódense facer as empanadillas na tixola con aceite quente ou quentalas ao forno a 200 graos, dándolle previamente un vernizado cunha xema de ovo batido.

### PRESENTACIÓN

- Acompañamos as empanadillas cunha ensalada de leituga e tomates tipo 'cherry'.
- Decoramos o prato de forma sinxela pero con harmonía para degustar mellor o contraste entre a empanadilla e a ensalada.

SUBIR

## Entrevistamos a...

**Roberto González Philippon**  
Subdirector de Explotación de Activos  
Mineros de GNF

**José Pérez**  
Consejero delegado de Recyclia

## Mundo SOGAMA

Sogama aumenta preto dun 5 por cento os seus visitantes respecto o ano anterior

## Actualidade

Javier Domínguez Lino fala sobre a xestión de residuos no blog da CEL

O 97% dos cidadáns, a favor de usar os refugallos como fonte de enerxía

Sogama repartiu preto de 5.000 composteiros a distintos sectores

Colaboración entre a Deputación de Ourense e Sogama

Dibbiopack, unha aposta polo uso de envases eficientes e sostibles

A páxina web de Sogama adáptase á versión responsive

## Multimedia

## Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)

